O CLIMA .

Conceptos.

Alustrar: Caér lostregos , lostregar .
Arroiar : Chover con moita forza sen parar .
Clima: é o tempo que fai nun lugar determinado ao longo dun período
Elementos do clima: son a temperatura e as precipitacións .
Invernía: Tempo frío e chuvioso , propio do inverno.
Precipitacións : A neve , a sarabia e a chuvia o son
Precipitacións anuais : son a suma das precipitacións mensuais.
Sarabia: Auga conxelada en forma de grans.
Temperatura máxima : é a temperatura máis alta dun lugar .
Temperatura media anual: é a suma das temperaturas medias dos doce meses e dividida entre doce.
Temporal : Chuvia forte con moito vento

O clima de Galicia

O clima de Galicia é temperado – nin moi frío nin moi cálido - e moi húmido , pola proximidade do mar. O tipo climático predominante e o oceánico .

Factores do clima : A proximidade do mar e as montañas

A cercanía do océano condiciona a presencia de abundantes masas nubosas que proceden de alí , e que xeran abundantes precipitacións.

Por outra parte tamén inflúe a altitude , xa que canto máis alto e o relevo máis fría e a temperatura .

Pola diferente influencia do océano e pola presencia ou non de altas montañas distinguinos catro variedades do clima en Galicia

***Clima oceánico típico**. Dáse na costa .As temperaturas son suaves e as chuvias abundantes .*

***Clima oceánico interior.** Dase no interior das provincias de Lugo e Ourense. Menos chuvias ca na costa e temperatuas cálidas en verán e frías no inverno.*

***Clima oceánico de matiz mediterraneo.** Nos vales do Miño e o Sil . Precipitacións baixas e temperaturas altas no verán.*

***Clima de montaña:** Nas Serras Orientais . Temperaturas moi frías no inverno e suaves no verán.*